



## 2. OS ECOSISTEMAS ACUÁTICOS.



-Ecosistemas caracterizados pola salinidade e polo movemento continuo das augas debido á ondada e ás correntes.

### • TIPOS :

#### PRAIAS:

- Influídas polas mareas e polo bater das ondas.
- Atopamos aves como gaivotas e gabitas, e animais que viven soterrados na área como o verne arenícola e as pulgas de mar

#### COSTAS ROCHOSAS:

\*Zonas pouco profundas; a luz do sol chega ata elas e permítelles ás algas facer a fotosíntese.

\*Aparecen animais como estrelas de mar, polvos, anemones e numerosos peixes que encontran acubillo nas rochas como meros...

#### MAR ABERTO:

- Encóntrase lonxe da costa
- Augas profundas.
- A luz do sol chega ata 100 metros de profundidade.
- Viven medusas, tartarugas, peixes de moitos tios como sardiñas e mamíferos como golfinhos e as baleas

## ECOSISTEMAS MARIÑOS



## ECOSISTEMAS DE AUGA DOCE

### TIPOS:

#### RÍOS:

- ✚ Ecosistemas en que a auga flúe, é dicir, encóntrase en continuo movemento.
- ✚ Nas augas frías e axitadas do curso alto do río viven lontras; troitas, larvas das miñocas de tubo.



#### Lagoas:

- ✚ A auga non ten practicamente movemento. Iso permite que medren plantas herbáceas con raíces enterradas no fondo.
- ✚ Aparecen aves como fochas, garzas e mergullóns, patos, parrulos... Tamén habitan anfibios como as ras e cóbregas de auga.

